DEPARTAMENTO ARTES PLÁSTICAS

IES EDUARDO BLANCO AMOR (CULLEREDO)

CRITERIOS CALIFICACIÓN 2020/2021

ÍNDICE

A AVALIACIÓN EN 1º, 2º, 3º E 4º DE ESO……...pág. 2

Avaliación inicial……pág. 2

Instrumentos de avaliación……....pág. 2

Técnicas de avaliación…….pág. 3

Criterios de cualificación…….pág. 3

Seguimento e avaliación da materia pendente…….pág. 4

A AVALIACIÓN EN 1º E 2º DE BACHARELATO……....pág. 6

Avaliación inicial……pág. 6

Instrumentos de avaliación……....pág. 6

Criterios de cualificación…….pág.6

Seguimento e avaliación da materia pendente…….pág. 7

A AVALIACIÓN 1º, 3º e 4º EPVA ESO.

AVALIACIÓN INICIAL

Levarase a cabo ao comezo de cada nova secuencia de aprendizaxe para rexistrar e diagnosticar as habilidades, actitudes, dificultades e coñecementos dos alumnos e alumnas respecto das novas aprendizaxes que se van a tratar e para apreciar e valorar as diferenzas que existan dentro do grupo. Esto levarase a cabo mediante la observación n a aula da

elaboración de exercicios para poder valorar a destreza gráfica, o nivel de creatividade e a súa autonomía para traballar. Tamén a partir de preguntas orais que permitirán saber os coñecementos previos do alumnado.

Nos casos en que se detecten dificultades leves, bastará con tomar medidas de apoio en clase, como seguir o ritmo de aprendizaxe do alumnado, entregar exercicios de reforzo e afondamento, e un maior seguimento personalizado. En caso de detectarse dificultades de aprendizaxe significativas, solicitarase ao Departamento de Orientación asesoramento sobre que medidas de atención á diversidade serán necesarias, e actuar con ese alumnado en consecuencia.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Traballos prácticos (TP). Serán a principal fonte de información para a avaliación. Valorarase neles o progreso na adquisición e aplicación práctica dos contidos, a aplicación dos coñecementos básicos, a destreza manual, os bocetos previos (cando sexan necesarios), o uso do material e a estética. Estarán deseñados tendo en conta os estándares de aprendizaxe, e consistirán na realización de láminas de debuxo técnico, traballos de expresión gráfica, proxectos de deseño, esculturas, fotografías, vídeos... Os traballos realizarasen na aula sempre baixo a observación do profesorado. Excepcionalmente o alumnado pode terminar o traballo fora da aula sempre e cando a profesora o autorice por existir un motivo xustificado.

Estes traballos valoraranse de cero a dez puntos, podéndose ponderar a nota de cada lámina dentro do computo global das mesmas en función da complexidade que presente ou tempo de traballo requirido. Informarase ao alumnado ao facer a proposta de traballo do valor da mesma.

Traballos teóricos (TT). Deseñados a partir dos estándares de aprendizaxe, consistiran principalmente en traballos de investigación, análise de imaxes, esquemas, resumos. Estes traballos valoraranse de cero a dez puntos, podéndose ponderar a nota de cada uno dentro do computo global das mesmas en función da complexidade que presente ou tempo de traballo requirido. Informarase ao alumnado ao facer a proposta de traballo do valor da mesma.

Cuestionarios (C)- Os cuestionarios proporcionan un sistema moi útil para comprobar o nivel de adquisición dos contidos do alumnado. Valorarase de cero a dez puntos, podéndose ponderar a nota de cada pregunta dentro do computo global das mesmas en función da complexidade que presente. Se utilizarán ferramentas dixitais (cuestionarios de google, quizzi, kahoot...) ainda que tamén se poden facer en papel.

Exames (E). Consistirán na realización de probas teórico/prácticas que axudarán a avaliar a adquisición dos contidos. Ademais dos coñecementos obxectivos, terase en conta a adquisición do vocabulario específico da materia así como a corrección lingüística na expresión das ideas desenvolvidas. Valorarase tamén a presentación, limpeza, emendas e faltas de ortografía, aplicando o Plan Lector do Centro

TÉCNICAS DE AVALIACIÓN

A observación diaria do traballo do alumnado é unha das principais vías para a avaliación. É preciso que esta observación sexa sistemática e controlada. Para iso pódense utilizar listas de control, onde queden rexistradas as ausencias do alumnado, as diferentes condutas, a creatividade, as destrezas, o interese pola materia, o comportamento na aula... Pódense utilizar **rúbricas** para valorar o desempeño do alumnado ao realizar calquera actividade/tarefa de ensino-aprendizaxe. Axúdannos a avaliar dunha maneira máis obxectiva e precisa. Ademais é un método para que o alumno realice unha auto-avaliación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN TRIMESTRAL**.**

A nota final de cada trimestre calcularase realizando a media ponderada dos instrumentos utilizados nese trimestre en cada una das unidades didácticas impartidas. Se o decimal fora igual ou superior a 5, a media sería o número enteiro superior.

Nas seguintes táboas amósanse os criterios de cualificación en función de si na unidade didáctica se realiza exame ou non.

Traballos prácticos	70%		Traballos prácticos	80%
Traballos teóricos	10%		Traballos teóricos	15%
Cuestionario	5%		Cuestionario	5%
Exame	15%			

No caso de que non se fagan traballos teóricos ou cuestionarios, o peso destes instrumentos repartirase entre os outros de forma proporcional.

No caso de que, pola situación sanitaria, tiveramos que traballar co alumnado de forma non presencial, as unidades didácticas avaliaríanse como se amosa na taboa:

Traballos prácticos	65%
Traballos teóricos	15%
Cuestionarios	20%

IRREGULARIDADES NAS PROBAS OU EXERCICIOS. No caso de que un alumno/a copie nun exame a nota do mesmo será de 0. No caso de que presente un traballo copiado, calcado ou feito por outra persoa, a nota será de 0 nese traballo. Se o alumno/a ten máis dunha conduta fraudulenta dese tipo no mesmo trimestre, aplicarase o disposto no apartado 17 do Regulamento de Réxime Interior, polo que suspenderá a avaliación da materia.

RECUPERACIÓN DA MATERIA NON SUPERADA. O alumno/a que suspenda un trimestre poderá recuperar cando presente as actividades/exames que foron cualificadas cunha nota inferior a 5. Estas actividades presentaranse nos prazos establecidos polo profesor/a da materia.

No caso de que o alumno non recupere a materia, poderá realizar unha proba escrita

teórico/práctica no mes de xuño. Se o alumno ten un trimeste non superado, a proba incluirá contidos desa parte. O resultado fará media coas notas dos outros dous trimestres. No caso de ter dous o máis trimestres suspensos, a proba será de todos os contidos do curso.

AVALIACIÓN ORDINARIA.

Cando as tres avaliacións sexan cualificadas positivamente (nota mínima 5) a cualificación final do curso será o resultado de realizar a media aritmética das tres, aínda que dita media poderá corrixirse aplicando redondeo matemático: se o decimal fora igual ou superior a 5, a media sería o número enteiro superior.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.

A convocatoria de setembro implica a necesidade de xustificar en poucos días un nivel de competencias nunha ou varias materias equiparable ao que debía acreditarse en xuño despois dun curso completo.

Resulta imposible, polo tanto, realizar un proceso avaliativo comparable ao sistema descrito ata agora, polo que se reducirá a unha proba-exame, puntuable de 1 a 10, con preguntas ou exercicios referidos aos contidos conceptuais especificados nas distintas unidades didácticas.

A nota final será a obtida nesa proba, sen ter en conta os exercicios /actividades feitos ao longo do curso ou para preparar dito exame. No caso de ter decimais aplicarase redondeo matemático: se o decimal fora igual ou superior a 5, a media sería o número enteiro superior.

Tanto no mes de xuño como en setembro, os alumnos/as desconformes coa cualificación obtida poderán solicitar unha revisión do seus traballos/exame.

ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUEMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

O alumnado coa materia pendente de cursos anteriores deberán seguir un sistema de avaliación específico para a materia pendente.

A materia do curso será dividida en dúas partes. De cada unha delas se lles entregarán unha serie de exercicios que deberán resolver e entregar previamente á avaliación correspondente . A cualificación procederá dos resultados destes traballos. Os alumnos e alumnas que, deste xeito, superen as dúas avaliacións acadarán unha avaliación positiva na materia pendente que, consecuentemente, quedará aprobada. Caso de non aprobar unha ou as dúas avaliacións, terán dereito a un exame de recuperación, relativo á avaliación ou avaliacións non superadas, no mes de maio. Se aínda así non aprobasen a materia, poderán presentarse na convocatoria extraordinaria de setembro, aínda que neste caso o exame versará sobre a totalidade da materia.

Segundo a normativa de pendentes, o/a alumno/a terá dereito a dúas probas (unha en maio eoutra en setembro). Non obstante, este departamento recollerá, antes da proba final de maio, dúas entregas parciais, unha no mes de xaneiro e outra no mes de abril. Se o/a alumno/a obtén

unha cualificación positiva nas probas parciais a materia considerase aprobada. De non ser así, deberá presentarse a unha proba final ou, se é o caso, a extraordinaria de setembro.

Durante todo o curso cada alumno/a terá un/unha profesor/a de referencia ao que poderá dirixirse para consultar calquera dúbida e ao que entregará o seu traballo antes de cada data citada.

Este traballo poderá ser entregado en calquera momento, dentro do horario establecido para a atención a pendentes do/a profesor/a de referencia, antes da data límite establecida polo Departamento, polo que o ritmo de traballo e estudo estará marcado en todo momento polo

interese do propio alumno.

A cualificación final do/a alumno/a farase tendo en conta, ademais das notas obtidas nas probas, probas que consideramos o núcleo principal desta cualificación, o seguimento do traballo feito polo/a alumno/a co/a profesor/a de referencia.

Crearase uhna clase virtual para atender ao alumnado coa materia pendente, tanto para atender dudas no ensino presencial como non presencial.

O departamento enviará unha carta ás familias informando de todas estas cuestións.

A AVALIACIÓN EN BACHARELATO

AVALIACIÓN INICIAL

Levarase a cabo ao comezo de cada nova secuencia de aprendizaxe para rexistrar e diagnosticar as habilidades, actitudes, dificultades e coñecementos dos alumnos e alumnas respecto das novas aprendizaxes que se van a tratar e para apreciar e valorar as diferenzas que existan dentro do grupo. Esto se llevará a cabo mediante la observación en el aula de la elaboración de ejercicios e preguntas orais, que permitirán saber os coñecementos previos do alumnado.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Probas escritas de tipo teórico prácticas. Consistirán na realización de exercicios realacionados cos contidos impartidos. Pódense realizar **controis** para revisar que o alumnado leve o traballo ao día.

Láminas/exercicios: o alumnado realizará exercicios prácticos que lles axudarán a comprender e asentar coñecementos. Como apoio á nota obtida nestas probas, poderanse utilizar outros instrumentos de avaliación, que, en todo caso, contribuirán á nota con ata 1 punto: preguntas oráis en clase, revisión dos apuntamentos, observación sistemática da forma de traballo do alumno/ na aula...

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN TRIMESTRAL.

A nota final de cada trimestre calcularase realizando a media ponderada dos instrumentos de avaliación. . Se o decimal fora igual ou superior a 5, a media sería o número enteiro superior.

Nas seguintes táboas amósanse os criterios de cualificación para 1º e 2º de bacharelato.

1º BACHARELATO			2º BACHARELATO	
PROBA ESCRITA	70%		PROBA ESCRITA	80%
LÁMINAS	30%		CONTROL	10%
			LÁMINAS/EXERCICIOS	10%

En 2º de bacharelato no caso de que non se fagan controis, o peso de ese instrumento pasará ao exame.

No caso de que, pola situación sanitaria, tiveramos que traballar co alumnado de forma non presencial, as unidades didácticas avaliaríanse como se amosa na taboa:

1º BACHARELATO			2º BACHARELATO	
PROBA ESCRITA	60%		PROBA ESCRITA	60%
LÁMINAS	40%		LÁMINAS/EXERCICIOS	40%

IRREGULARIDADES NAS PROBAS OU EXERCICIOS. No caso de que un alumno/a copie nun exame, aplicarase o disposto no apartado 17 do Regulamento de Réxime Interior, polo que suspenderá a avaliación da materia.

AVALIACIÓN ORDINARIA

Cando as tres avaliacións sexan cualificadas positivamente (nota mínima 5) a cualificación final do curso será o resultado de realizar a media aritmética das tres, aínda que dita media poderá corrixirse (se o decimal fora igual ou superior a 5, a media sería o número enteiro superior).

RECUPERACIÓN DA MATERIA NON SUPERADA. O alumno/a que suspenda un trimestre poderá recuperar cando presente as actividades/exames que foron cualificadas cunha nota inferior a 5. Estas actividades presentaranse nos prazos establecidos polo profesor/a da materia. No caso de que o alumno/a non recupere a materia, poderá realizar unha proba escrita teórico/práctica no mes de xuño. Se o alumno ten un trimestre non superado, a proba incluirá contidos desa parte. O resultado fará media coas notas dos outros dous trimestres. No caso de ter dous o máis trimestres suspensos, a proba será de todos os contidos do curso.

AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA.

Os alumnos/as que non superen a materia na avaliación ordinaria de xuño, poderán presentarse a unha **proba extraordinaria no mes de setembro**. Esta proba será similar ás realizadas durante o curso e consistirá na realización dunha proba escrita obxectiva de tipo práctico (exame), no que se demostrará o grao de consecución dos obxectivos do curso e o dominio dos contidos. Para a realización de tal proba, o alumno deberá levar o material de traballo necesario para a materia de Debuxo Técnico.

A nota final será a conseguida no exame, seguindo os criterios de redondeo aplicados ao longo do curso.

ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUEMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

No curso 2020/2021 non hai alumnado en 2º de bacharelato con materia pendente.